

## CONVOCATORIA CURSO

### INTRODUCCIÓN Á FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA

#### Documentos, paisaxes, corpos e memorias

Vítor Vaqueiro

30 abril, 7, 14, 21 e 28 maio 2019



Allan Sekula. *Volunteer watching, volunteer smiling* (Illa de Ons, 19.12.02)

Organiza: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Docente: Vítor Vaqueiro

Datas: martes 30 abril, 7, 14, 21 e 28 maio 2019 (5 sesións)

Horario: de 19.30 a 21.00

Lugar: salón de actos

PRAZAS LIMITADAS. Inscripción e matrícula a partir do 27 de marzo

Prezo: 45€ (40€ para membros da Agrupación de Amigos do MARCO e para estudantes, previa acreditación)

---

### AVANCE / PRESENTACIÓN

Nas súas liñas xerais, este curso fórmulase como un primeiro acceso á fotografía contemporánea, entendendo por tal a que, desenvolvéndose a partir de finais dos anos sesenta, chega até os nosos días.

A proposta articúlase en cinco sesións, necesariamente sintéticas, que funcionan como unidades temáticas ou fíos condutores: unha primeira de **Presentación**, na que se pasa revista á evolución fotográfica ao longo do medio século tratado para, a continuación, abordar catro grandes apartados —**Documentos, Paisaxes, Corpos, e Memorias**—, analizando a obra dos autores e autoras considerados fundamentais para cada corrente ou tendencia.

## CALENDARIO E PROGRAMA

### INTRODUCCIÓN Á FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA

#### Documentos, paisaxes, corpos e memorias

#### SESIÓN 1 (martes 30 abril)

##### Presentación



Achegamento xeral á fotografía contemporánea. Elementos basilares constitutivos da contemporaneidade. A evolución do pensamento fotográfico: da idea de mímese á de índice. Fotografía, verosimilitude e verdade. As novas formas do acto fotográfico. A pos-modernidade.

Martha Rosler. *Photo Op*, da serie "House Beautiful Bringing the War Home", 2004

#### SESIÓN 2 (martes 7 maio)

##### Documentos



A tradición do xénero do documental e a súa relación con outras disciplinas: historia, socioloxía, xornalismo, educación, arte. A reportaxe. A subxectividade e a concretización do proxecto documental. As novas propostas e os substractos ideolóxicos subxacentes.

Andreas Gursky. *Salerno*, 1990

SESIÓN 3 (martes 14 maio)

**Paisaxes**



A representación. “Terra” e “paisaxe”: a construción ideolóxica. A paisaxe urbana. A “prosa” do mundo. Puntos de vista sobre a cidade, a arquitectura e o cotiá.

William Eggleston. *Faulkner’s Mississippi*, 1990

SESIÓN 4 (martes 21 maio)

**Corpos**



O corpo, a súa codificación e a súa representación. O *Eu* e as novas formas de retrato/auto-retrato. O confronto co espello. A fragmentación pos-moderna. A interpelación e o activismo social. A constitución da identidade, a psicanálise e o pensamento feminista: o corpo como campo de batalla.

Cindy Sherman. *Untitled Film Still #21*, 1978

SESIÓN 5 (martes 28 maio)

**Memorias**



A ollada ao pasado: contidos, usos, temas. A reestruturación da lembranza: do álbum familiar ao arquivo histórico. O persoal e o político. O esgotamento da mirada e as súas consecuencias: apropiacionismo e reciclaxe. A redefinición do medio: exploración, subversión, interrupción. *Remakes*.

Christian Boltanski. *Les suisses morts*, 1990

## Vitor Vaqueiro

Licenciado en Química e doutor en Ciencias da Comunicación pola Universidade de Santiago de Compostela, onde foi profesor de Fotografía (Departamento de Comunicación Audiovisual) e Fotoxornalismo (Departamento de Xornalismo). Conferenciante sobre temas de fotografía, e autor de numerosos artigos nas principais revistas galegas e anuarios internacionais. É autor dos libros de fotografía *Galicia* (texto introdutorio de Camilo José Cela), *Celanova* (textos introdutorios de Xosé Luis Méndez Ferrín e Benito Reza) e *Rituais* (textos introdutorios de Margarita Ledo e X. M. González Reboredo). Ten ademais publicado unha vintena de libros de poesía, narrativa, ensaio e etnografía, e foi galardoado cos premios Esquíu, de la Crítica española, e Irmandade do Libro.

---

### **+ INFO, consultas e solicitudes inscrición en:**

Dpto. Comunicación e Didáctica (Marta Viana)

[comunicacion@marcovigo.com](mailto:comunicacion@marcovigo.com)

Taquilla MARCO

Tel. 986 113900 [martes a sábados de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00; domingos de 11.00 a 14.30]